



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PROVINCIAL

V-32244006

xosemanuelpuga@gmail.com

Xosé Manuel Puga González, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense e representante no Comité Político-Técnico para a posta en marcha do servizo metropolitano de Ourense,

EXPÓN:

Que na última xuntanza do citado comité celebrada o pasado luns 8 de outubro, acordouse seguir a traballar nunha proposta de mellora do transporte nos 15 concellos que forman parte desta área metropolitana.

Esas propostas de mellora, por un lado deben coordinar a extensión de liñas do transporte urbano do concello de Ourense cos concellos limdeiros; e por outra banda reestruturar e mellorar as conexións das liñas concesionadas pola Xunta de Galiza nese ámbito xeográfico.

A tal efecto, e para poder estudar as posibles propostas faise preciso coñecer a distribución das novas liñas do transporte urbano do concello de Ourense froito do novo prego de condicións aprobado para a súa tramitación e concesión; e tamén coñecer horarios e frecuencias das liñas concesionadas pola Xunta de Galiza, xa que os datos aportados nas táboas excell non inclúen esa información.

Polo conseguinte

SOLICITO A SEGUINTE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN:

- Proposta de liñas autobuses urbanas que o concello de Ourense se comprometeu a trasladar a este comité a partir de hoxe xoves 10 de outubro de 2024.
- Horarios e frecuencias das liñas competencia da Xunta de Galiza neses 15 concellos

Ourense, 10 de outubro de 2024.

Asdo: Xosé Manuel Puga González

**A SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE e do
COMITÉ POLÍTICO-TÉCNICO PARA A POSTA EN
MARCHA DO SERVIZO METROPOLITANO DE OURENSE**